



Caderno de orientación
sobre *L*INGUAXE
administrativa neutra

Non somos nós quen falamos a través da linguaxe senón que é a linguaxe a que fala a través de nós.

Heidegger

A linguaxe é o instrumento a través do cal expresamos as nosas ideas, pensamentos e formas de concibir o mundo, polo que é o reflexo da cultura dunha sociedade nun determinado momento.

A linguaxe non é sexista, xa que dispón de masculinos, femininos e neutros, somos as persoas as que lles damos un uso sexista, ao empregar como xenéricos a forma masculina.

Deste xeito contribuímos a perpetuar opcións léxicas que poden interpretarse como sesgadas, discriminatorias ou degradantes ao implicar que un dos sexos é superior ao outro, cando o sexo das persoas é, ou debería ser, irrelevante.

A realidade é que na nosa sociedade aínda existen moitos estereotipos de xénero, que perpetúan a desigualdade entre mulleres e homes, a linguaxe é unha das mellores formas de expresar os cambios nas ideas e crenzas.

É unha evidencia que aínda quedan restos de linguaxe administrativa sexista nos documentos que empregamos de cotío, nos informes que redactamos, pregos de condicións, modelos de inscrición, oficios, pregos de contratación, notas de prensa, cargos, ofertas de emprego etc., parémonos un momento e reflexionemos, poñámonos as gafas de xénero e veremos como no noso arredor aínda quedan moitas acepcións que cambiar para conseguir unha sociedade en igualdade de xénero.

Desde a administración pública temos a responsabilidade de transmitir termos neutros, ou empregar os xéneros de xeito adecuado para transmitirlle á sociedade que traballamos para conseguir a igualdade real de xénero, onde non se presupón a subordinación dun xénero sobre o outro.

Este documento, pretende ser unha ferramenta básica, clara e concisa dirixido ao persoal da Deputación da Coruña e persoal dos concellos, que contén con suxestións, recomendacións e orientacións de como podemos mellorar a nosa comunicación oral e escrita no noso traballo profesional na administración pública e por ende na nosa vida persoal, familiar e social e sensibilizar sobre os cambios que está a percibir a sociedade actual.

O cambio á igualdade real de xénero na nosa sociedade, comeza por ti.

MASCULINO XÉNERICO

Habitualmente empregamos o xénero gramatical masculino como xenérico para referirnos tanto a homes como a mulleres. Empregámolo de xeito inconsciente, sen darnos conta de que estamos reflectindo o androcentrismo lingüístico e social existente na linguaxe.

Existen recursos para evitar a invisibilización das mulleres, como:

SUBSTANTIVOS COLECTIVOS OU XENÉRICOS

Empregando xenéricos designamos tanto as mulleres coma os homes

Exemplos:

EXPRESIÓN SEXISTA	EXPRESIÓN NEUTRA
Os funcionarios	O funcionariado
Os alumnos	O alumnado
Os empresarios	O empresariado
Os veciños	A veciñanza
Os galegos	O pobo galego
Os coruñeses	A poboación coruñesa
Os profesores	O profesorado
Os nenos	A infancia
Os cidadáns	A cidadanía
Os homes	A humanidade
Os políticos	O persoal político/ A clase política
Os administrativos	O persoal de administración

Os substantivos colectivos en singular van acompañados coas palabras que concorden tamén en singular.

NOMES ABSTRACTOS DE ACCIÓNS OU CALIDADES

Moitos nomes abstractos poden ter diferentes acepcións, por exemplo cando falamos de xefe pode referirse a acción de ser xefe nunha sección ou ben podemos estar referíndonos á persoa que exerce este cargo, para amañar esta situación podemos empregar por exemplo:

EXPRESIÓN SEXISTA	EXPRESIÓN NEUTRA
Titor	Titoría
Xefe	Xefatura
Diplomado	Diplomatura
Licenciado	Licenciatura
Xefe de servizo	Xefatura de servizo
Xerente	Xerencia
Interventor	Intervención
Director	Dirección

Exemplos:

“ Vaise convocar unha promoción para cubrir un posto de xefe de sección, esíxese ser licenciado..” a opción correcta “ Vaise convocar unha promoción para cubrir un posto de xefatura de sección, esíxese unha licenciatura”

Cando estamos referíndonos con nomes abstractos a persoas o máis recomendable é antepoñer a palabra “persoa”.

Exemplos:

EXPRESIÓN SEXISTA	EXPRESIÓN NEUTRA
Discapacitado	Persoa con diversidade funcional
Emprendedor	Persoa emprendedora
Solicitante	Persoa solicitante
Demandante	Persoa demandante
Interesado	A persoa interesada

DOS XÉNEROS GRAMATICAIS

Aínda que pensemos que cando nomeamos aos dous xéneros estamos duplicando, non é así, duplicamos cando repetimos exactamente un termo. Se precisamos acompañar o termo dun artigo, este debe levar o seu xénero correctamente.

Os nomes con xénero común non se duplican se temos que acompañalos do artigo nas formas feminina e masculina.

Temos que ter coidado cando empregamos os dous xéneros gramaticais en textos de carácter formal, xa que non sempre resulta apropiado, ás veces dificulta a lectura, por iso sempre que se poida o emprego de xenéricos pode resolverse este problema.

Exemplos:

EXPRESIÓN SEXISTA	EXPRESIÓN NEUTRA
Traballadores	Traballadores e traballadoras
Adxudicatarios	Adxudicatarios e adxudicatarias
Os consumidores	Os consumidores e as consumidoras
O denunciante	O/a denunciante
O solicitante	O/a solicitante
Os beneficiarios	Os beneficiarios e as beneficiarias

EMPREGO DAS BARRAS

Cando empregamos unha linguaxe escrita neutra temos moitas dúbidas en canto ao emprego das barras, estas soen empregarse por exemplo nun documento de inscrición para poñer DNI/CIF, a realidade é que podemos empregalas, pero non é recomendable abusar delas nun texto amplo, xa que dificultan a súa lectura.

Na medida do posible é mellor empregar os termos xenéricos reais que xa comentamos.

Nos substantivos que teñen o morfema de xénero no artigo, acompañarase coas dúas formas do artigo.

Exemplos:

EXPRESIÓN SEXISTA	EXPRESIÓN NEUTRA	
Don	D./Dna	
Fillo	Fillo/a	
Candidato	Candidato/a	
O neno	O/a neno/a	A poboación infantil, adolescente, adulta
O representante	O/a representante	A persoa representante
O alcalde	O/a alcalde/alcaldesa	Alcaldía
O presidente	O/a presidente/a	Presidencia

DETERMINANTES

É recomendable evitar o emprego de o, os, aquel ou aqueles, seguido do relativo. Podemos empregar por exemplo quen.

EXPRESIÓN SEXISTA	EXPRESIÓN NEUTRA
Será o presidente o que decida	Quen presida será quen decida
Será o xuíz o que determine	Quen xulgue será quen determine
Aqueles que dispoñan da tarxeta de residencia	Quen dispoña da tarxeta de residencia
O demandante	Quen presente unha demanda

SÍMBOLO @

O símbolo @ non é un signo lingüístico, por iso non é o máis recomendable emprego. Dispoñemos como estamos vendo doutras estratexias para referirnos aos dous xéneros masculino e feminino.

ORDE DAS PALABRAS

A orde das palabras indican xerarquía, é importante darlle importancia a este aspecto, xa que o seu emprego é inconsciente pero socialmente perpetúa estereotipos de xénero. Para solucionalo se non queremos incidir nesa xerarquía ben por protocolo ou por educación é conveniente por exemplo respectar a orde alfabética.

Exemplos:

TRADICIONALMENTE DISE	O MÁIS CORRECTO SERÍA
Pai e nai	Nai e pai
Alumnos e alumnas	Alumnas e alumnos
Técnico e técnica	Técnica e técnico

ALGÚNS EXEMPLOS COMÚNS NA ADMINISTRACIÓN

1. É moi común empregar expresións sexistas relativas a cargos, este é un erro de concordancia. Nalgúns documentos podemos atopar estes exemplos na sinatura

<i>O concelleiro</i>	<i>O secretario</i>	<i>O xefe de negociado</i>
<i>María Fernández</i>	<i>María Fernández</i>	<i>María Fernández</i>

Nestes casos podemos nomear a concelleira, a secretaria, a xefa de negociado ou xefatura de negociado.

Se nalgún caso non é conveniente empregar o xenérico, podemos recorrer a nomes abstractos, dobre forma, barras, etc.

2. Os nomes abstractos e a dobre forma son moi axeitados para documentos como instancias, formularios ou impresos de solicitude.

Exemplos;

EXPRESIÓN SEXISTA	EXPRESIÓN NEUTRA Dobre forma	EXPRESIÓN NEUTRA Xenéricos
O funcionario	O funcionario ou a funcionaria	O funcionariado
O técnico	O/a técnico/a	O persoal técnico
O alcalde	O/a alcalde/alcaldesa	Alcaldía
A secretaria	O/a secretario/a	Secretaría

3. Nos pregos de contratación, nos contratos ou nas ofertas de emprego público atopamos titulacións e profesións que aparecen tratadas de xeito sexista. Segundo a orde do 22 de marzo de 1995 do Ministerio de Educación e Ciencia adapta os títulos académicos oficiais á condición feminina e masculina

Exemplos:

EXPRESIÓN SEXISTA	EXPRESIÓN NEUTRA Dobre forma/ Barras	EXPRESIÓN NEUTRA Xenéricos
Licenciado	Licenciado/a	Licenciatura
Diplomado	Diplomado/a	Diplomatura
Técnico de proxectos	Técnico/a de proxectos	Persoal técnico de proxectos
Médico	Médico/a	Persoal médico
Técnico arquitecto	Técnico/a arquitecto/a	Persoal técnico arquitectura

Administrativo	Administrativo/a	Administración/ Persoal administrativo
Técnico medioambiental	Técnico/a medioambiental	Persoal Técnico medioambiental
Licenciado en dereito	Licenciado/a en dereito	Persoa coa licenciatura en dereito ou sinxelamente Licenciatura en dereito
Notario	Notario/a	Notaría
Avogado	Avogado/a	Avogacía
Médico	Médico/a	Persoal médico
Limpadora	O/a limpador/a	Persoal de limpeza
Albanel	O/a albanel	Persoal de albanelería

Nos pregos de contratación, ou nos de condición de participación é habitual poñer “O candidato debe enviar o traballo á....” a expresión neutra é “ A persoa candidata debe enviar o traballo á...”ou ben “ Envía o traballo á...” outra estratexia podería ser empregar a forma pasiva “ O traballo será enviado a...”

Se existe dúbida de se o uso do termo está admitido ou estendido debemos optar por distinguir os xéneros mediante o artigo, por exemplo; o/a conserxe; o/a fiscal.

4. Nos documentos administrativos sen darnos conta empregamos tratamentos de carácter pechado que non son os máis correctos, se coñecemos a quen vai dirixido debemos adaptar o tratamento e se non coñecemos a persoa destinataria a concordancia gramatical debe ser correcta e por iso empregaríamos tratamentos abertos.

Exemplos:

TRATAMENTO NON CORRECTO (se non coñecemos a persoa destinataria)	CORRECTO
Sr.	Sr/Sra
Dn	Dn/Dna

Para evitar o sexismo dos termos señora/señorita é bo empregar o termo señora para todas as mulleres independentemente da súa idade e estado civil.

Empregar unha linguaxe que non oculte as mulleres e que teña en conta a perspectiva de xénero, é englobar a todas as persoas e nesta aposta gañamos todas e todos.

Despois de ler o caderno de orientacións ou ben cando te atopas cunha dúbida, podes solicitar asesoramento en materia de linguaxe administrativa non sexista, poñéndote en contacto coa Sección de Servizos Sociais- Área de Igualdade da Deputación da Coruña a través do correo electrónico igualdade@dicoruna.es e intentaremos atopar o termo ou a expresión neutra máis correcta.

Para que poidas anotar as dúbidas, ou os termos que elixes para corrixir a linguaxe que empregas de cotío facilitámosche este apartado de anotacións.

ALGÚNS TRUCOS XERAIS PARA UNHA CORRECTA LINGUAXE ADMINISTRATIVA NEUTRA

Empregar xenéricos xerais xunto con abstractos e colectivos marca a atención nas funcións e non nas persoas que as realizan.

Os veciños- A veciñanza

O secretario do alcalde- O/a secretario/a da Alcaldía

Empregar os dous xéneros desenvolto, por exemplo; os funcionarios e as funcionarias, sempre que non se repita en demasiadas ocasións onde o mellor será recorrer ao xenérico o funcionariado/persoal funcionario.

Evitar o determinante ou empregar determinantes sen xénero, por exemplo; “Todos os membros do comité recibirán a información por escrito”, a proposta neutra é “Cada membro do comité recibirá a información por escrito”.

Empregar perífrases, como por exemplo; “Os políticos reúnense mensualmente/ o persoal político reúneese mensualmente”.

Empregar pronomes con valor xenérico, por exemplo; se algún cidadán presenta este escrito/ se alguén presenta este escrito

Cando se coñeza a identidade das persoas que participen no acto de comunicación, empregarase o xénero segundo se trate de home ou muller, do mesmo xeito adaptaranse as formas de tratamento, denominación das profesións ao xénero da persoa.

Empregar idéntico tratamento entre mulleres e homes, por exemplo señor/señora, don/dona...é un termo sexista empregar o tratamento de señorita.

Empregarase para unha expresión escrita neutra a orde alfabética por exemplo; nai e pai, alumna e alumno, nenas e nenos, etc..

Non empregar a @, non é unha forma de linguaxe neutra.

Empregar os dous xéneros separados por unha barra non é conveniente cando a súa reiteración é excesiva.

Asegurarse de que a solución elixida de linguaxe neutra é adecuada para o tipo de texto e para o emprego que se lle faga posteriormente.

Empregar o imperativo é unha boa fórmula na redacción de textos, por exemplo: O candidato debe enviar o seu curriculum ao enderezo/Envíe o seu curriculum ao enderezo indicado.

Os textos administrativos con linguaxe neutra teñen que ser claros, precisos e coherentes, existen máis posibilidades de que sexan aceptados pola sociedade se a linguaxe neutra empregada é natural e discreta.

A linguaxe é o vestido dos pensamentos. Samuel Johnson

Lembra que o que non se nomea non existe ...

